



Barça, Barça, Baaaarrrrçaaaaa!!!!!!!

Así remata o himno do Barça e así rematamos nosoutros a tempada. Non foi o boa que quixéramos pero os barcelonistas temos que estar sempre dando a cara. Unha das cousas que nos diferencia dos madridistas e que cando perden non hai ninguén do Madrid, agora cando gañan saen de debaixo das pedras. O sentimento blaugrana perdura pese ás derrotas e incluso se fai máis grande. Nos momentos malos é cando se ven os bos barcelonistas.

Logo desta introducción, imos redacta-lo importante da carta, porque para sermóns está o cura os domingos.

Como xa comentamos noutra ocasión, a peña vaise presentar a un maratón de fútbol 7 que se vai celebrar en Ribadeo o vindeiro sábado 31 de maio. Xa temos varios socios apuntados, pero aínda nos falta algún para completa-lo equipo, e decimos socios e socias, xa que o maratón está aberto a todos. Contactade con Jose para apuntarvos (649 57 13 60). Según o tesorero a peña pagará o custo da inscrición.



En segundo lugar, imos facer unha camiseta parecida á do debuxo. O logotipo é coma case sempre, obra do artista e socio noso, David Rivas, ó cal damo-las grazas polo seu traballo. O prezo da camiseta será de 6,00 € por unidade. As persoas interesadas en encargar algunha contactade igualmente con Jose ou no correo electrónico, indicando a talla e a cantidade. O prazo para pedir remata o 31 de maio. Fora deste prazo non se garantiza poder conseguir máis exemplares polo incremento do custo ó facer 1 soa unidade.

Finalmente dicir que a cea de final de tempada será o sábado 14 de xuño. O restaurante está por decidir pero xa informaremos con maior exactitude dentro dun par de semanas. Nesta cea xa poderemos falar da vindeira tempada, tanto dos actos da peña como do novo Barça.

Só queda despedirnos, rogando a todos que cumpran os prazos nos encargos e que vos animedes a participar, xa que a peña sen os seus socios non é nada.

Un saudo e VISCA O BARÇA